UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | |
|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Deseño curricular e didáctica das artes plásticas e visuais | Código | 652611B21 |
| Titulación | 8 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Artes Plásticas e Visuais | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | Anual | Primeiro | Obrigatoria | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | CastelánGalego | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | |
| Coordinación | Macho Eiras, Javier | Correo electrónico | javier.macho@udc.es |
| Profesorado | Calviño Santos, Guillermo Francisco<br>Macho Eiras, Javier | Correo electrónico | guillermo.calvino@udc.es<br>javier.macho@udc.es |
| Web | http://arte-facto.org/ | | |
| Descrición xeral | A finalidade de calquer proxecto formativo, así como o plantexamento desta materia, debe implicar aos estudantes nun proceso de aprendizaxe persoal que traspase os créditos da materia, para dotalos dunha estrutura metodolóxica que lles permita desenvolver a súa futura profesión de forma creativa como profesores e profesoras de educación secundaria. Precisamente, o motor desta proposta docente é brindar oportunidades de aprendizaxe, de descubrimento de novos saberes, de experimentación e coñecemento dos fenómenos artísticos na educación, en base as motivacións do alumnado. Ademáis, a intención desta materia é que o alumnado entenda o ensino como un proceso artístico, con carácter propio. | | |

| | |
|---|---|
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos<br>Non hai modificacións<br>2. Metodoloxías<br>? Discusión dirixida (computa na avaliación)<br>? Traballos tutelados (con Atención personalizada) (computa na avaliación)<br>? Atención personalizada<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican<br>Non hai cambios<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br>? Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.<br>? Moodle: Semanalmente. Segundo a necesidade do alumando.<br>? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade.<br>De 1 a 2 sesións semanais en pequeno grupo (ate<br>6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.<br><br>4. Modificacións na avaliación<br>Traballos tutelados (100%): En relación cos traballos tutelados valorarase:<br>? A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.<br>? A profundidade do contido.<br>? O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas.<br>? O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.<br>? A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.<br>? A presentación e a claridade da exposición.<br><br>*Observacións de avaliación:<br>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que:<br>? As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.<br>1. SITUACIÓNS:<br>A) Alumnado con dedicación completa:<br>Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:<br>a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (100%).<br>B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212):<br>Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:<br>a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (100%).<br>2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:<br>1. Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.<br>2. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados).<br>3. Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique.<br>4. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño. |

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Os materiais de traballo da materia estarán dispoñibles en Moodle.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | (CE-G1)Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións |
| A2 | (CE-G2)Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe. |
| A3 | (CE-G3)Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| A4 | (CE-G4)Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes |
| A5 | (CE-G5)Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas |
| A6 | (CE-G6) Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país |
| A7 | (CE-G7)Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional |
| A9 | (CE-G9)Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia |
| A10 | (CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| A11 | (CE-G11)Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación. |
| A12 | (CE-G12)Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar. |
| A15 | (CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. |
| A16 | (CE-E2)Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos. |
| A18 | (CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares |
| A20 | (CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo. |
| A25 | (CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | AP1<br>AP2<br>AP3<br>AP4<br>AP5<br>AP6<br>AP7<br>AP9<br>AP10<br>AP11<br>AP12<br>AP15<br>AP16<br>AP18<br>AP20<br>AP25 | | CM3<br>CM4<br>CM7 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | AP1<br>AP2<br>AP3<br>AP4<br>AP5<br>AP6<br>AP7<br>AP9<br>AP10<br>AP11<br>AP12<br>AP15<br>AP16<br>AP18<br>AP20<br>AP25 | | CM3<br>CM4<br>CM7 |
| Promover no alumnado as capacidadesde planificación da docencia en contextos particulares e a súa aplicación na aula. | AP1<br>AP2<br>AP3<br>AP4<br>AP5<br>AP6<br>AP7<br>AP9<br>AP10<br>AP11<br>AP12<br>AP15<br>AP16<br>AP18<br>AP20<br>AP25 | | CM3<br>CM4<br>CM7 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| BLOQUE 1:<br>A EDUCACIÓN DAS ARTES PLÁSTICAS VISUAIS COMO OBXECTO DE ESTUDIO. | Concepto interdisciplinar da Educación Artística. Perspectiva histórica da Educación Artística. Teorías da evolución artística en E. Secundaria. Teorías do ensino da arte. Procesos de aprendizaxe artístico en Secundaria. Campos de aprendizaxe: productivo, critico e cultural. |
| BLOQUE II:<br>ARTE CONTEMPORÁNEA E CULTURA VISUAL COMO DETONANTE DA DIDÁCTICA DAS ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS | Arte contemporánea e cultura visual. Estética relacional e cultura visual na etapa da E. Secundaria. Instalacións, net-art, video-art, performance, etc. Posmodernidade na arte contemporánea e na educación. Museos e artistas. Departamentos de Educación dos museos. Obradoiros artísticos nos museos. |
| BLOQUE III:<br>DESEÑO CURRICULAR EN SECUNDARIA | Deseño curricular de secundaria.Lexislación vixente. Programacións e Unidades Didácticas.<br>Adapatción a contextos específicos.<br>Desenvolvemento de competencias clave e competencias profesionais. |
| BLOQUE IV:<br>O CURRICULO ARTISTICO BASEADO EN PROXECTOS. | Metodoloxía a/r/tography. Elaboración e exemplificación de proxectos artográficos en E. Secundaria. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | A2 A5 A6 A9 A10 A11 A12 C3 | 1 | 10 | 11 |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A4 | 20 | 0 | 20 |
| Sesión maxistral | C4 | 6 | 0 | 6 |
| Traballos tutelados | A1 A3 A6 | 20 | 17 | 37 |
| Aprendizaxe colaborativa | A7 A15 A16 A18 A20 A25 C7 | 12 | 12 | 24 |
| Obradoiro | A3 | 20 | 20 | 40 |
| Atención personalizada | | 12 | 0 | 12 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | Selección de textos básicos de lectura obrigatoria para a realización dos diferentes proxectos propostos. |
| Investigación (Proxecto de investigación) | Elaboraranse tres proxectos artísticos ao longo da materia, un de carácter individual e dous de carácter grupal. |
| Sesión maxistral | Exposición dos contidos que conforman a Educación Artística como obxecto de estudo. |
| Traballos tutelados | Elaboración de proxectos do alumno coa colaboración do docente |
| Aprendizaxe colaborativa | Colaboración entre os estudante na elaboración de proxectos. |
| Obradoiro | Levarase a cabo diferentes obradoiros artisticos que irán conformando cada un dos proxectos que ten que presentar o estudante. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Obradoiro<br>Investigación (Proxecto de investigación) | A realización dos proxectos conleva un seguimento personalizado por parte do profesor acerca dos procesos que cada estudante levará a cabo. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Obradoiro | A3 | Momentos de trabajo presencial con el profesor que implican una participación obligatoria por parte del alumno. | 50 |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A4 | Avaliación dos tres proxectos, individual + 2 grupais. | 50 |

| Observacións avaliación |
|---|

Sen dúbida, existen infinidade de formas e maneiras de avaliar, tantas como metodoloxías de ensino-aprendizaxe. Nesta guía docente plantexouse a educación como un proceso artístico, polo que a avaliación que aquí se plantexa, coherentemente, mana desde esta perspectiva. Deste xeito, tal e como plantexa Eisner (1995: 188), "a avaliación é unha ferramenta educativa mediante a cal pode exercerse a intelixencia profesional en beneficio dos estudantes". Isto ven a demostrar que avaliar é cuestión de dous implicados: estudantes e o profesor, polo que os criterios deben ser reflexionados e acordados en grupo. Ademáis, en ocasións se lles pedirá ao alumnado que elaboren autoavaliacións, mediante unha reflexión persoal e crítica dos procesos que experimentaron.Como se pode intuir, esta materia implica un compromiso forte do estudante co seu propio proceso de aprendizaxe artístico. Deste xeito a asistencia a clase resulta necesaria, non como unha obrigación -que tamén o é no espazo europeo de educación superior-, dado que os procesos viviranse na propia aula e o transcurso da materia írase construindo entre todos. A asistencia non é un formalismo, senón que se exise a participación activa e crítica do alumno dentro da aula.Tendo en conta esto, como criterios de calificación, haberá que aprobar todos os proxectos por separado para superar a materia. Na calificación final, a parte da nota media obtida nos tres proxectos, de maneira cualitativa terase MOI EN CONTA o grado de implicación do alumnado, de experimentación, de autoexisencia, de satisfacción persoal así como a capacidade de síntese e reflexiva do estudante ao longo do curso.

Para iso, a avaliación será continua e mediante a presentación de traballos. O alumnado con dispensa académica, será avaliado mediante exame.

Plaxio: aplícase o artigo 14.4 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

| Fontes de información | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Acaso, M. (2006). EL LENGUAJE VISUAL. Barcelona: Paidós<br>- Acaso, M. (2009). LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA NO SON MANUALIDADES. Madrid: Catarata<br>- Agra, M.J (1999). O ESPAZO DA ARTE NA EDUCACIÓN. Santiago de Compostela: USC.<br>- Agra, M.J (2003). LA FORMACIÓN ARTÍSTICA Y SUS LUGARES. Educación Artística, Revista de Investigación.<br>- Agra, M.J (2007). LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA EN LA ESCUELA. Barcelona: Graó<br>- Calaf, R. & Fontal, O. (2010). CÓMO ENSEÑAR ARTE EN LA ESCUELA. Madrid: Síntesis<br>- Efland, Freedman & Stuhr (2003). LA EDUCACIÓN EN EL ARTE POSMODERNO. Barcelona: Paidós<br>- Eisner, E. (1995). EDUCAR LA VISIÓN ARTÍSTICA. Barcelona: Paidós<br>- Eisner, E. (2004). EL ARTE Y LA CREACIÓN DE LA MENTE. Barcelona: Paidós<br>- Huerta, R. (2001). ESPIRITU DE TRASATLÁNTICO, CONDICIÓN DE PATERA. Revista Aula, nº 106.<br>- Marín Viadel, R. (2003). DIDÁCTICA DE LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA. Madrid: Pearson Education<br>- Marín Viadel, R. (2000). DIDÁCTICA DE LA EXPRESIÓN PLÁSTICA O EDUCACIÓN ARTÍSTICA. Madrid: Síntesis<br>- Mesías, J.M. (2019). EDUCACIÓN ARTÍSTICA SENSIBLE. Cartografía contemporánea para arteducadores. Barcelona:Graó<br>- Mirzoeff, N. (2003). INTRODUCCIÓN A LA CULTURA VISUAL. Barcelona: Paidós |
| **Bibliografía complementaria** | |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |

| |
|---|
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| Asistencia, participación activa, compromiso, responsabilidade, autoexisencia;e moita ilusión por aprender novas metodoloxías. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**